

PROTOCOLO PARA A ADAPTACIÓN DOS HORARIOS DOS CENTROS E PECHES DE NADAL

Control de cambios	Data	Cambios
Versión 1	9-12-2022	-
Versión 2	12-12-2022	Engádesse un anexo I co horario de apertura e peche ao público comunicado polos centros docentes
Versión 3	19-12-2022	Engádesse no anexo I o horario de apertura e peche ao público da Facultade de Bioloxía e modifícase o horario da Facultade de Xeografía e Historia

1 Consideracións previas

Con respecto ás actividades de encendido da iluminación, limpeza, calefacción e vixilancia, ata o momento operábase supoñendo que os centros iniciaban a súa actividade ás 08.00 horas e remataban ás 22.00 horas. Isto implicaba que:

- Nos períodos onde era necesario, a calefacción acendíase unha hora antes da apertura, ás 07.30 e apagábase á tarde, cando era necesaria, coa suficiente antelación, dependendo do centro, para manter a calor por inercia.
- As alarmas conectábase entre as 22.00 e as 23.00 horas.
- Os horarios de limpeza aproveitaban as horas extremas da xornada para a limpeza de aulas.

Aplicando o disposto nas instrucións IV e V/2022 da xerencia da USC, os centros propuxeron a adaptación dos horarios para reducir o número de horas de apertura das instalacións e mais comunicaron á xerencia as necesidades de accesos extraordinarios durante o período de peche de Nadal. Á vista das propostas dos centros e das previsións de acceso, comunícase o seguinte protocolo para:

1. Poñer en marcha a partir do día 12 de decembro de 2022, aplicando os protocolos que se detallan a seguir.
2. Solicitar aos centros que, nun prazo de 5 días, revisen as previsións de accesos extraordinarios durante o período de peche de Nadal, en caso de non telas comunicado, para que teñan en conta o Protocolo de acceso aos centros fóra do horario ordinario que se detalla a continuación.

2 Adaptacións aos cambios de horario nos centros

Propóñense ás seguintes adaptacións nos centros que modifican os horarios:

- O acendido da calefacción realizarase unha hora antes da apertura acordada co centro. No caso dos centros integrados no sistema de control central, esta previsión faraa o persoal da Área de Infraestruturas. No caso dos centros non integrados, o persoal de mantemento axustará as programacións das caldeiras durante os próximos días.

- O apagado da calefacción seguirá a mesma práctica que ata o momento, axustada ao peche anticipado.
- O acendido e o apagado da iluminación manterá as mesmas prácticas que ata o momento, axustadas ao novo horario.
- Os labores de limpeza adaptaranse, no posible, ao novo horario e, en calquera caso, faranse atendendo ás boas prácticas de aforro enerxético.
- O Servizo de Vixilancia adaptará a conexión e desconexión da alarma de cada centro ao novo horario. No caso dos centros onde se pode facer a conexión e desconexión de forma centralizada, axustarase ao horario do centro. No caso daqueles que non están conectados, axustarase o percorrido da patrulla para garantir a conexión da alarma na hora seguinte ao peche do centro.

2.1 Adaptación ao peche de Nadal nos centros pechados

Durante o período de Nadal, naqueles centros pechados:

- Garantirase que non hai acendidos da calefacción e climatización, agás naqueles espazos onde sexa necesario por razóns de conservación das instalacións ou de actividades específicas.
- Os centros pechados terán conectadas as súas alarmas e só se permitirá o acceso segundo o Protocolo de acceso ao centro fora do horario ordinario que se describe no seguinte punto.
- Poderán realizarse traballos de limpeza extraordinaria ou mantemento e manterase a execución das obras garantindo que non se acende a calefacción e que o uso da iluminación sexa o imprescindible para a realización destas actividades.

2.2 Protocolo de acceso ao centro fora do horario ordinario e nos períodos de peche

O Protocolo que se describe a continuación aplicarase desde o 12 de decembro de 2022.

- Con carácter xeral, o acceso a un edificio docente, de investigación ou de administración e servizos por parte do alumnado, profesorado, persoal de administración e servizos e persoal de terceiros non está permitido fóra do horario ordinario de apertura, ben sexa o xeral ou ben sexa o determinado polo centro no seu horario adaptado. En consecuencia, ningunha tarxeta de identificación estará habilitada para o acceso aos centros, agás nas condicións que se detallan a continuación.
- Esta regra de carácter xeral admite as seguintes excepcións:
 1. Acceso aos centros para a realización extraordinarias de carácter académico ou de extensión universitaria, aprobadas pola dirección do centro, organizadas pola USC ou por terceiros.
 2. Acceso para a realización de actividades de investigación.
 3. Acceso para actividades de actuacións en infraestruturas, seguridade e calquera outra intervención necesaria para o bo funcionamento das instalacións.
 4. Acceso para actividades administrativas ou de xestión que sexan necesarias.

- Para os accesos excepcionais do caso 1, a dirección do centro deberá anunciar coa suficiente antelación a necesidade de apertura mediante o envío dunha solicitude de apertura e peche dirixida ao enderezo de correo infraestruturas.seguridad@usc.gal. O persoal do Servizo de vixilancia da USC realizará a apertura e peche do centro. A mesma notificación servirá de aviso para o persoal da Área de Infraestruturas encargado de programar os horarios de calefacción ou climatización que aseguren unha temperatura adecuada no edificio.
- No caso de accesos para a realización de actividades de investigación, aplicarase o seguinte protocolo:
 - A persoa responsable da actividade deberá remitir á dirección do centro unha solicitude de acceso onde se indicará a actividade de investigación da que se trata e na que incluírá unha declaración responsable da necesidade de acceder ao centro fóra do horario ordinario en razón da natureza da actividade. Non se admitirán solicitudes xenéricas que non se motiven nas necesidades concretas da actividade á que se refire a solicitude. Indicaranse as persoas que deban acceder ao centro, xunto cos días e as horas de entrada e saída previstas para cada persoa.
 - Como regra xeral, só se permitirá o acceso durante as horas nas que haxa iluminación natural e non se acenderá o sistema de calefacción do edificio.
 - No caso de que a dirección do centro autorice o acceso, remitirá a solicitude, con indicación expresa de que a autoriza, ao correo electrónico infraestruturas.seguridad@usc.gal e máis a conserxería do centro.
 - O persoal do Servizo de vixilancia da USC autorizará a apertura e acceso ao centro exclusivamente para as tarxetas de identificación de cada unha das persoas autorizadas para os días e horas indicadas na solicitude.
- No caso de accesos debidos a intervencións para a conservación do edificio ou instalacións, o persoal da Área de Infraestruturas xestionará co Servizo de vixilancia da USC os accesos que se deban autorizar. Para a realización de actividades administrativas ou de xestión de carácter excepcional, o responsable do centro ou servizo enviará a petición de acceso ao enderezo infraestruturas.seguridad@usc.gal.
- No suposto de que haxa cortes imprevistos de electricidade que produzan o apagado de equipos informáticos aos que se estea accedendo en remoto, comunicarse ao enderezo infraestruturas.seguridad@usc.gal para que o servizo de seguridade proceda á súa conexión.

2.3 Protocolo de comunicación das adaptacións de xornada polas medidas excepcionais derivadas do Plan de Estratexia Enerxética.

2.3.1 Durante o período de peche previsto no Nadal, ademais das excepcións comunicadas á Xerencia naqueles centros que deben permanecer en funcionamento por razón da súa actividade, permanecerán abertos os seguintes servizos:

- Oficina de Asistencia en materia de Rexistro, Colexio de San Xerome, en horario de 9:00 a 14:00 horas.

- Oficina de Asistencia en materia de Rexistro, Edificio Biblioteca Intercentros en Lugo, en horario de 9:00 a 14:00 horas.

- Escola Infantil Breogán: do 2 ao 5 de xaneiro prestará servizo en horario de 8:00 a 15:00 horas, permanecendo pechada a semana do 26 ao 30 de decembro.
- Servizo de Correos en horario habitual, tendo en conta a redución horaria prevista na Instrución IX/2021 da Xerencia da xerencia relativa ao calendario de festas, vacacións, permisos e horario do PAS para o ano 2022.
- Unidades de Xestión Académica nos Campus de Santiago de Compostela e Lugo: permanecerán abertas os mércores 28 de decembro e 4 de xaneiro.

2.3.2 Para adecuarse ás reducións de horario que propoñan os centros así como para o período de peche do Nadal , as persoas responsables do persoal comunicarán á Xerencia as medidas adoptadas, ao correo xerente@usc.gal .

No caso de que non sexa posible a adaptación do horario, por motivos xustificadas, o persoal permanecerá no centro ata a hora de saída da súa quenda e as persoas responsables organizarán a súa actividade nese período para garantir que teñan un carga de traballo adecuada ás circunstancias de peche do centro.

No Anexo I recóllense as adaptacións de horarios de apertura e peche ao público comunicadas polos centros docentes.

Polo que respecta ao peche de Nadal, entre as medidas que se poderán adoptar para a adaptación das xornadas de traballo do persoal cuxas funcións son de natureza presencial, recóllese a continuación unha lista non exhaustiva con propostas de actividades posibles:

- Revisión e actualización da información de páxinas web, intranet, carpetas e outros recursos compartidos, rexistros, bases de datos, catálogos, ferramentas de xestión ou información -actualización de usuarios-, procedementos de traballo, fichas técnicas, etc.
- Control de inventario e planificación de compras, solicitude de orzamentos a empresas para a compra de material funxible, etc.
- Revisión e estudo de normativa específica relativa ao posto de traballo e formulación de propostas de modificación dos procedementos, se é o caso.
- Propostas de mellora sobre o funcionamento da unidade, a coordinación de traballos, os procedementos de traballo, etc.
- Proposta de identificación de obxectivos de traballo da unidade e dos postos de traballo e de indicadores de seguimento que permitan a verificación e avaliación dos resultados.
- Atención ao correo institucional
- Formación en liña, tanto recibida como impartida, a persoal e usuarios.

Así mesmo, habilitaranse postos informáticos na Aula Luisa Cuesta situada na Biblioteca Concepción Arenal e na Aula e-Terra da Biblioteca Intercentros en Lugo, para o suposto de persoal que non dispoña de medios informáticos e preste servizos en centros que permanezan pechados. Os responsables do persoal que precise acudir a estes postos deberá comunicalo con antelación suficiente a xerente@usc.gal e indicar os días nos que fará uso dese espazo.

Durante o período de peche o rexistro horario realizarase de xeito ordinario por parte do persoal que preste servizos de xeito non presencial.



Vicexerencia Xeral Técnica
Casa da Balconada. Rúa Nova, 6
15782, Santiago de Compostela
Tel 881 81 10 10 Ext.11307
vicexerencia@usc.es

A oferta de formación que se desenvolverá durante o peche será a que figura no Anexo II.:

Anexo II. Horarios de apertura e peche ao publico dos centros docentes derivados das medidas do Plan de Estratexia Enerxética

Centro	Apertura ao público	Peche ao público
Escola Politécnica Superior de Enxeñaría	8:30	21:30
Escola Técnica Superior de Enxeñaría	8:00	21:00
Escola Técnica Superior de Enxeñaría. Emprendia	8:00	21:00
Facultade de Administración e Dirección de Empresas	8:30	21:30
Facultade de Bioloxía	8:30	20:30
Facultade de Ciencias	8:30	21:00
Facultade de Ciencias da Comunicación	8:30	20:30
Facultade de Ciencias da Educación. Campus norte	8:30	21:30
Facultade de Ciencias da Educación. Campus sur	8:30	21:30
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais	8:30	21:30
Facultade de Dereito	8:30	21:15
Facultade de Enfermaría	8:30	21:30
Facultade de Farmacia	8:30	21:00
Facultade de Filoxía	8:30	21:30
Facultade de Filosofía	8:00	20:00
Facultade de Física	8:30	21:30
Facultade de Formación do Profesorado	8:30	21:15
Facultade de Humanidades	8:30	21:15

Facultade de Matemáticas	8:00	21:00
Facultade de Medicina e Odontoloxía. Medicina	8:00	22:00
Facultade de Medicina e Odontoloxía. Odontoloxía	8:00	21:00
Facultade de Óptica e Optometría	8:00	22:00
Facultade de Química	8:30	20:30
Facultade de Veterinaria	8:30	20:30
Facultade de Xeografía e Historia	8:00	21:30
Facultades de Ciencias Políticas e Sociais e Relacións Laborais	8:30	21:30

Anexo II. Formación durante o peche de Nadal

(Toda a formación será na modalidade de autoformación)

MES	ÁREA TEMÁTICA	TITULO provisional	CONTIDOS	HORAS	PRAZAS
decembro	Saúde. Prevención de riscos laborais	Prevención de riscos en postos de oficina		2	80
decembro	Saúde. Prevención de riscos laborais	Seguridade no traballo en laboratorios		2	80
decembro	Saúde. Prevención de riscos laborais	Prevención de riscos en teletraballo		2	80
decembro	Saúde. Prevención de riscos laborais	Riscos e medidas preventivas en postos de conserxería		2	80
decembro	Saúde. Prevención de riscos laborais	Utilización e selección de EPIS		2	80
decembro	Saúde. Prevención de riscos laborais	Manipulación manual de cargas		2	80
decembro	Saúde. Prevención de riscos laborais	Prevención riscos PVD e dispositivos TIC portátiles		2	80
decembro	Saúde. Prevención de riscos laborais	STOP ao estrés. Como xestionar o estrés laboral		2	80

decembro	Saúde. Prevención de riscos laborais	Normas básicas de prevención de riscos laborais		2	80
decembro	Sustentabilidade e ambiente	Boas prácticas no uso da enerxía	Argumentos e consellos de boas prácticas para mellorar os comportamentos individuais en relación ao uso da enerxía. Plan de eficiencia enerxética	1	-